

FRIOL

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 17 de marzo de 2014 prestou aprobación ao proxecto técnico das obras de “Acondicionamento e mellora das pistas: de Rexedreira a Cotá, Pista de Seoane, Pista de Pacio a Paraño, Pista de Torre a Xiá, Pista de Vilapedre e Pista de A Rocha”, incluída no Plan Provincial de obras de servizos 2014.

O que se somete ao trámite de información pública polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións; de non presentarse en tempo e forma o proxecto entenderanse definitivamente aprobado.

Friol, a 18 de marzo de 2014.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez. Decreto Alcaldía 09.11.2012.

R. 1119

LUGO

Anuncio

Solicitada por CARLOS SANCHEZ FRAGA SL, prórroga da licenza de obras número 87/2008, para construír un edificio na rúa das Fontes, número 71. A notificación da aprobación da Licenza de obras número 87/2008 realizouse o 31 de xaneiro de 2008, contándose a partir desta data o prazo de execución da citada licenza (trinta meses). A prórroga da licenza de obras solicítase o 26 de maio de 2011, polo tanto, unha vez concluído o prazo de 30 meses dende a data da notificación da concesión da licenza de obras.

Visto o establecido no artigo 197.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para a concesión da licenza de obras deberá formular nova solicitude de licenza.

Advírteselle do establecido no art. 92.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Ó terse enviadas reiteradas notificacións ó enderezo aportado a tales efectos, non podéndose levar a cabo a notificación do acordo, e ós efectos sinalados no art. 59-5 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, do 26 de novembro de 1992, se procede a publicar o presente edicto, facendo constar que o expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, no Servizo de Licenzas deste Concello, onde se atopa de manifesto.

Lugo, 19 de marzo de 2014.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 1120

LUGO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, 2/122, do 28 de febreiro do 2014, polo que se aprobou a forma de adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de ESTRUCTURA SOBRE O RIO MERA.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a construción das obras de ESTRUCTURA SOBRE O RIO MERA.

b) Prazo de execución: dez semanas

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O presuposto do contrato é de 226.811,45 euros, IVE INCLuíDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-01.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Obrigas contractuais esenciais. Condicións esenciais e especiais de execución:

Este contrato ten condición esencial de execución prevista na cláusula decimo sexta do prego de cláusulas administrativas (art. 228 bis TRLCSP)

Este contrato prevé obriga contractual esencial prevista na cláusula decimo oitava do prego de cláusulas administrativas.

9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula decima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

10.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

12.- Gastos dos anuncios: 133,12 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 19 de marzo do 2014.-O ALCALDE,P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA, Sonia Mendez Garcia

R. 1121

LUGO

Anuncio

Con data 26 de febreiro de 2014, dictouse decreto número 14001862 de arquivo do expediente con referencia 494/2000, de solicitude de licenza de apertura dunha exposición e venda de automóbiles, na avda. Benigno Rivera núm. 53, por LUGO CAR DESING, S.L., representada por don Ángel Fernández Marzán, ante a súa inactividade, tendo constancia da posterior implantación de actividade que conta coa preceptiva licenza de apertura.

Contra dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer-se los recursos contemplados nos art. 8 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, de xurisdicción contencioso-administrativa; no art. 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e demais accións legais que estime pertinentes, a partir do día seguinte á publicación da presente.

Ó terse enviadas reiteradas notificacións ó enderezo aportado a tales efectos, non podéndose levar a cabo a notificación do acordo, e ós efectos sinalados no art. 59-5 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, do 26 de novembro de 1992, se procede a publicar o presente edicto, facendo constar que o expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, no Servizo de Licenzas deste Concello, onde se atopa de manifesto.

Lugo, 18 de marzo de 2014.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, Luis Manuel Álvarez Martínez.

R. 1122
